



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Agosto 2020

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de agosto de 2020**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2019 e anteriores.

Desde o día 21 de xuño, e de acordo ao Real Decreto 555/2020, finaliza o estado de alarma permitíndose a mobilidade da poboación en todo o territorio estatal. Nese contexto de eliminación das restricións con carácter xeral, o INE estima que neste mes de agosto abriron en Galicia un total de 4.153 establecementos de aloxamento regrado –dos 4.099 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron preto de 117 mil prazas –das máis de 124 mil de agosto de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 6,2%, isto é, neste mes ofertáronse o 94% das prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de agosto. Tal circunstancia mellora con diferenza os datos dos meses anteriores cando nun contexto de desescalada e restricións de aforo e da mobilidade a oferta dispoñible estaba moi por debaixo dos niveis do pasado ano.

Neste contexto aprécianse diferenzas entre segmentos. A oferta diminúe con maior intensidade no ámbito hoteleiro e no segmento do turismo rural –un 9% e 11% respectivamente-, de forma máis suave nos cámpings –un 4%- e mesmo mellora nos apartamentos turísticos –onde neste mes se ofertaron un 15% máis de prazas de aloxamento en relación a agosto do pasado ano-.

Amósanse a continuación os principais resultados deste segundo mes do verán.

AGOSTO 2020


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	317.757	-38,2%	758.691	-40,7%	2,39	-4,0%	47,97%	-26,05
PENSIÓNS	83.587	-42,9%	165.927	-41,1%	1,99	3,1%	33,93%	-14,36
ESTAB. HOTELEIROS	401.345	-39,3%	924.618	-40,8%	2,30	-2,5%	44,63%	-22,77
APTOS. TURÍSTICOS	27.527	-5,1%	124.422	-4,2%	4,52	0,9%	50,54%	-9,26
CÁMPINGS	76.557	-32,4%	290.669	-31,8%	3,80	1,0%	34,04%	-9,92
TURISMO RURAL	27.438	-37,8%	78.008	-30,7%	2,84	11,4%	42,88%	-11,31
ESTAB. EXTRAHOTEL.	131.522	-29,4%	493.099	-26,2%	3,75	4,5%	-	-
TOTAL	532.867	-37,1%	1.417.717	-36,4%	2,66	1,1%	-	-

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 37% e o volume de noites un 36% en relación ao mesmo período do anterior 2019.

- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda deste segundo mes do verán con preto de 533 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 1,4 millóns de noites.
- Cae a demanda por quinta vez de forma consecutiva neste ano –desde o mes de marzo por mor da crise provocada polo Covid19-. En xaneiro e febreiro rexistráranse datos positivos que levaran a mellorar as cifras do anterior 2019. En síntese, no acumulado a agosto deste ano rexístrase unha caída da demanda do 54% no relativo ao volume de noites.


Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de agosto 2012-20



- Desde a óptica do volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de 314 mil viaxeiros aloxados e de 812 mil noites en comparación coas cifras de agosto de 2019.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo, con descensos xeneralizados de notable intensidade. No conxunto de España a caída sitúase próxima ao 50% para a cifra de viaxeiros aloxados e no 56% para o volume de noites.
- A nivel das comunidades autónomas as caídas son tamén xeneralizadas se ben presentan diferenzas de intensidade. Neste sentido dous destinos rexistran o mellor comportamento en termos relativos por presentar neste contexto descensos moderados –do 5,6% en Cantabria e do 7,5% en Asturias-. Nestas dúas comunidades as caídas concéntranse no ámbito hoteleiro e en turismo rural, e tamén nos apartamentos turísticos no caso de Asturias. No segmento dos cámpings os resultados son positivos, mellorando por tanto os niveis de demanda de agosto do pasado ano.
- Sitúanse a continuación, con descensos do contorno do 30% interanual, Castela e León, Castela A Mancha, Estremadura e Navarra. No lado contrario, as caídas máis acusadas localízanse en Madrid e nos destinos insulares, en Baleares e Canarias –con descensos que superan o 70% interanual-.

- O comportamento negativo é xeneralizado no ámbito hoteleiro máis difire levemente nas outras tres tipoloxías, atopando destinos con resultados mesmo positivos. En concreto, rexístranse incrementos da demanda nos apartamentos turísticos de Castela A Mancha e Cantabria, nos cámpings de Cantabria e Asturias ou nos establecementos de turismo rural de Murcia, Castela A Mancha e Castela e León.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a sexta posición representando o 4,5% do total de España. Cataluña é neste mes o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 6,9 millóns de pernoctacións –o 22,1% do total-. Lidera o ranking estatal novamente no verán tal como acontecera en 2019 e en contraposición ao que se observa nos meses de temporada media e baixa.
- Logo de Cataluña sitúanse a continuación Andalucía –con máis de 5,4 millóns de pernoctacións-, a C. Valenciana –con preto de 4,0 millóns-, Baleares –con algo máis de 2,8 millóns- e Canarias –con máis de 2,7 millóns neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan neste mes ao 70% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- Logo de Galicia, con niveis parellos, sitúanse Asturias, Cantabria e Castela e León. Son os catro destinos da esquina noroeste peninsular.
- En agosto o 65% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 53%- coma ás pensións –co 12% neste caso-. O 35% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 8,8% da demanda total-, aos cámpings –co 20,5%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 5,5% neste caso-.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Agosto 2020



- Esta estrutura é característica dun mes de temporada alta se ben neste ano, por mor do comportamento rexistrado a raíz da crise do Covid19 no que os turistas optaron en maior medida por modalidades non hoteleiras fronte aos hoteis e pensións, obsérvase un menor peso relativo do segmento hoteleiro e, paralelamente, un maior peso do ámbito extrahoteleiro. Este incremento apréciase sobre todo nos cámpings –que supoñen a quinta parte do total-.


- En termos comparativos, no pasado ano o peso do segmento hoteleiro superaba o 70% do total da demanda mentres que nos cámpings ficaba no 19%.
- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con caídas xeneralizadas pero de diversa intensidade. O nivel de demanda descende de forma máis acusada no segmento hoteleiro -un 41% nos hoteis e nas pensións- e tamén de forma notable nos cámpings e nos establecementos de turismo rural –entorno ao 31% en ambos-. Neste contexto son os apartamentos turísticos os que marcan a diferenza cun descenso máis suave, do 4,2% neste caso.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Agosto 2020/19, por tipoloxías




- En todas as modalidades a caída da demanda provén de descensos parellos ou semellantes da cifra de viaxeiros aloxados.
- O descenso da demanda no ámbito hoteleiro supón a perda de 637 mil noites respecto de agosto do pasado ano, cifra que supón o 78% do total da perda en termos absolutos. Concéntrase aquí, por tanto, a maior parte do descenso deste mes. O 22% restantes repártese nas outras tres modalidades: cinco mil noites menos nos apartamentos turísticos, 135 mil nos cámpings e 34 mil nos establecementos de turismo rural.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Agosto 2020



- Neste mes de agosto o 88% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 12% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e apenas difiren das rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 91% e o do internacional no 9%-.
- Esta distribución é equivalente á rexistrada en xullo e difire un pouco da que habitualmente se observa nun mes de temporada alta non tanto no sentido das proporcións –tradicionalmente ten un maior peso o mercado nacional- como na intensidade. Nos últimos anos o peso do turismo de ámbito estatal situábase levemente por encima do 70% do total das noites, porcentaxe que sobe agora ao 88%. Acontece o contrario co mercado internacional, que pasa do contorno do 28% e pouco máis do 10% neste caso.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento negativo e homoxéneo neste mes de agosto, con descensos importantes aínda que de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional cae un 22% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 25%. A estadía media mellora nun 4% neste mes. Con isto o mercado nacional rexistra pouco máis de 827 mil noites neste mes de agosto, a cifra máis baixa de cando menos este século.
- O turismo internacional presenta igualmente un comportamento negativo cun descenso global do 76% na cifra de viaxeiros estranxeiros e do 73% no volume de noites. Son neste caso preto de 110 mil noites, dato que neste caso sitúase en mínimos da serie histórica.


Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Agosto 2020/19



- O comportamento dos dous segmentos de mercado é igual de negativo nas diferentes tipoloxías de aloxamento, aínda que as caídas difiren en intensidade. Tendo en conta os dous grandes grupos obsérvase que o mercado nacional descende un 34% no ámbito hoteleiro mais un 16% no extrahoteleiro. O turismo internacional cae tamén nas dúas tipoloxías pero con maior intensidade, un 72% no hoteleiro e un 76% no extrahoteleiro.


- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase preto de 2,7 noites, cifra que supera nun 1,1% o dato do pasado ano 2019. A suba é moi moderada –case se pode falar mellor de certa estabilidade- pero destaca por dar continuidade á tendencia de crecemento observada nos últimos cinco anos. Desta maneira a cifra final deste ano supera en máis de dúas décimas o valor rexistrado en agosto de 2015.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Agosto 2020



- Neste mes as estadias máis elevadas localízanse nos apartamentos turísticos –con 4,5 noites- e nos cámpings –con 3,8 noites neste caso-. As restantes tres tipoloxías rexistran tamén valores importantes pero inferiores –de 2,8 noites nos establecementos de turismo rural, de case 2,4 noites nos hoteis e de dúas noites nas pensións-.
- En termos dinámicos a estadía media mellora substancialmente nos establecementos de turismo rural –modalidade na que sobe un 11%- e en menor medida nas pensións –cun incremento do 3,1% neste caso-. Mantense estable nos apartamentos turísticos e nos cámpings e descende unicamente nos hoteis –un 4% neste caso-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa en relación ás restantes comunidades autónomas. Canarias, con 5,5 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de agosto –lonxe das máis de sete noites rexistradas en agosto do pasado ano-. No lado contrario é Estremadura o destino que presenta a cifra máis baixa, con pouco máis de 2,1 noites neste caso.
- En termos dinámicos a estadía media presenta variacións dispares a nivel das comunidades autónomas. Sobe e mellora en dez delas –sendo o incremento de maior intensidade en Madrid e A Ríoxa con subas do contorno do 20% interanual- e descende nas sete restantes –coas caídas máis acusadas en Baleares, do 20%, e en Canarias, do 25% neste caso-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Agosto 2020



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Obsérvase un descenso xeneralizado en todas as modalidades pero con notables diferenzas de intensidade. A caída é máis acusada rexístrase nos hoteles –onde o nivel de ocupación cae en 26 puntos-. No lado contrario o descenso máis suave sitúase nos apartamentos turísticos e nos cámpings, modalidades nas que o nivel de ocupación descende entre nove e dez puntos.
- Con pequenas diferenzas entre elas o nivel de ocupación varía de forma parella nas pensións e establecementos de turismo rural –en algo máis de catorce puntos nas primeiras e en once puntos nestes últimos-.
- Neste mes, e por segunda vez neste ano e case na serie histórica, son os apartamentos turísticos os que presentan o nivel de ocupación máis elevado do conxunto da oferta regrada cun 50,5% de media mensual. Sitúanse preto os hoteles –cun 48,0% e os establecementos de turismo rural – cun 42,9% neste caso-. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nas pensións –cun 33,9%- e nos cámpings –cun 34,0% neste caso-.